




Guía de Cor e Materiais de Galicia

INSTRUCCIÓN DE USO

Xunta de Galicia e
Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia

Editado: Xunta de Galicia
Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio
Instituto de Estudos do Territorio
Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia

Lugar: Santiago de Compostela
Ano: 2017
I.S.B.N.:
D.L.:




Guía de Cor e Materiais de Galicia

INSTRUCCIÓN DE USO

Xunta de Galicia e
Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia

INSTRUCCIÓN DE USO

4.1. Introducción xeral.	9
4.2. Criterios e recomendacións xerais para a selección de materiais e tipos de acabados.	57
4.2.1. Criterios e recomendacións xerais para a selección de materiais e tipos de acabados.	59
4.2.2. Plans de cor específicos.	64
4.2.3. Medidas de conservación do coñecemento das técnicas e artes da construción.	66



TOMOS



GAP SERRAS ORIENTAIS

Cartas de combinacións de cores/materiais. Exemplos de aplicación.



GAP SERRAS SURORIENTAIS

Cartas de combinacións de cores/materiais. Exemplos de aplicación.



GAP CHAIRAS E FOSAS LUGUESAS

Cartas de combinacións de cores/materiais. Exemplos de aplicación.



GAP CHAIRAS, FOSAS E SERRAS OURENSÁS

Cartas de combinacións de cores/materiais. Exemplos de aplicación.



GAP RIBEIRAS ENCAIXADAS DO MIÑO E DO SIL

Cartas de combinacións de cores/materiais. Exemplos de aplicación.



GAP COSTA SUR-BAIXO MIÑO

Cartas de combinacións de cores/materiais. Exemplos de aplicación.



GAP GALICIA CENTRAL

Cartas de combinacións de cores/materiais. Exemplos de aplicación.



GAP RÍAS BAIXAS

Cartas de combinacións de cores/materiais. Exemplos de aplicación.



GAP CHAIRAS E FOSAS OCCIDENTAIS

Cartas de combinacións de cores/materiais. Exemplos de aplicación.



GAP GOLFO ÁRTABRO

Cartas de combinacións de cores/materiais. Exemplos de aplicación.




GAP GALICIA SETENTRIONAL

Cartas de combinacións de cores/materiais. Exemplos de aplicación.



GAP A MARIÑA-BAIXO EO

Cartas de combinacións de cores/materiais. Exemplos de aplicación.



Instruccións de uso

4.1 INTRODUCCIÓN XERAL

4.1 INTRODUCCIÓN XERAL

A finalidade da Guía de Cor e Materiais de Galicia é establecer criterios e directrices para a regulación do emprego da cor e dos materiais de revestimentos arquitectónicos, nas paisaxes rurais e urbanas das doce grandes áreas paisaxísticas de Galicia. Estas pautas de composición para edificacións están orientadas a acadar unha axeitada integración paisaxística, e así contribuír a unha maior calidade dos espazos públicos urbanos e do medio rural.

As pautas céntranse nos tipos de materiais máis recomendables para os diferentes elementos construtivos, así como nas gamas ou

paletas de cores, acompañadas das súas instrucións de aplicación, congruentes coas características das contornas (urbanas ou rurais) nas que se vaian empregar.

Os destinatarios da Guía son os cidadáns, calquera cidadán que desexe arranxar e/ou pintar a súa edificación. Ademais, a guía, servirá de axuda aos técnicos redactores de proxectos, será un instrumento de traballo para aos técnicos das administracións, e á súa vez fundamento para que os plans urbanísticos, os instrumentos de ordenación do territorio e os plans de cor específicos, que a concreten para ámbitos territoriais menores.

ARQUITECTURA TRADICIONAL

O termo de arquitectura tradicional definido no Plan Nacional de Arquitectura Tradicional do Ministerio de Educación, Cultura y Deporte (MECD) e equivalente ao da terminoloxía definida na conferencia de ICOMOS sobre o Patrimonio Vernáculo Construído (<http://ipce.mcu.es/pdfs/PNArquitecturaTradicional.pdf>).

Considérase arquitectura tradicional ao conxunto de construcións que xorden da implantación dunha comunidade nun territorio e que manifestan, na súa diversidade e evolución, a súa adaptación ecolóxica, tanto aos condicionantes e recursos naturais, como aos procesos históricos e modelos socioeconómicos que se desenvolveron en cada lugar. A arquitectura tradicional é unha das principais sinais de identidade dos diversos colectivos que lle deron vida, xera unha paisaxe, é dinámica e relaciónase intimamente co patrimonio cultural inmaterial.

Así mesmo, está ligada aos condicionantes naturais, respondendo a un clima determinado, aos materiais da contorna e ao emprazamento. Do mesmo xeito, relaciónase cos modos de vida, coa organización social dun territorio e coas estruturas económicas. Polo xeral, carece de autor concreto o individualizado. Adoita estar construída con técnicas e sistemas tradicionais transmitidos

dunha xeración a outra, así como con materiais en moitos casos reutilizados. Constitúe un destacado referente entre os sinais de identidade cultural da comunidade que a xerou, e é o resultado de experiencias e coñecementos compartidos, transmitidos e enriquecidos dunha xeración a outra.

Segundo o Plan Nacional *"Moitas destas arquitecturas tradicionais están perdendo o arraigo que tiñan ata fai poucas décadas, debido aos procesos de globalización, así como aos cambios nos modos de vida que fan que se altere a especificidade das mesmas. Ademais a velocidade coa que se producen estes fenómenos é altísima. De feito, comezaron a sentirse no noso país na década dos sesenta e xa se destruíu unha proporción significativa deste patrimonio"*.

Esta arquitectura, xeralmente, non está sometida aos cambios e á evolución temporal que vincula aos edificios cunha época determinada. Non está influída por modelos culturais alleos á comunidade, nin por elaboracións académicas.

A arquitectura analizada foi a tradicional de fábrica de pedra e estrutura horizontal de madeira, tanto nos núcleos urbanos como nos rurais.

ARQUITECTURA DE TRANSICIÓN ENTRE TRADICIONAL E CONTEMPORÁNEA

O traballo de campo realizado levou á conclusión que existe unha arquitectura de transición entre a tradicional e a contemporánea, que non debe ser obviada neste traballo, porque, ademais de ser unha parte importante da paisaxe construída, é o resultado da evolución natural da tradicional cando se adapta ás novas linguaxes formais e construtivas que aparecen a finais do século XIX e na primeira metade do século XX.

Serva de exemplo deste tipo de arquitectura o racionalismo popularizado chamado "estilo Salmón". Segundo Alonso Pereira, *"O 'estilo Salmón' é tan só a versión doméstica e popular que adoptará o racionalismo español ao codificarse e estenderse polos diversos rincóns nacionais baixo o patrocinio derivado do impulso legal do 35. Por elo, os seus elementos canónicos serán os xa coñecidos do racionalismo ortodoxo, reiterados, popularizados, e, a miúdo, trivializados, e entre eles e preferentemente, o gusto*

formal pola horizontalidade, resaltado aquí por medio de anchas bandas corridas enlazando os vanos e conseguindo ese efecto apaisado nas composicións, de sabor tan característico." (Alonso Pereira, 1975;44).

As correntes estilísticas de finais do século XIX e principios do XX: neoclasicismo na primeira metade do século XIX, primeiro eclecticismo a partir da segunda metade, modernismo entre 1900 e 1920, segundo eclecticismo e rexionalismo entre 1920 e 1930, racionalismo mediante unha transición Art Déco entre 1930 e 1950 e neobarroco dende 1940 (Soraluce, 2005), aínda que elaboradas por autores concretos, tiveron a súa influencia na arquitectura tradicional, dando lugar a unhas arquitecturas que, sen ser tradicionais por estar influídas por modelos culturais alleos, non se poden obviar neste traballo. Sen esquecer as influencias da arquitectura indiana. *"Tratouse dun fenómeno sociolóxico entre*

1875 e 1930, con especial repercusión no campo da arquitectura galega. Os emigrantes tiñan como destino preferente o Río da Plata, Cuba e Brasil, o que xerou unha especial vinculación arquitectónica de Galicia durante anos con estes países americanos”.[Soralue, 2005; 22]

Támén influídas polo cambio nos sistemas construtivos, coa revolución industrial aparece a fabricación industrializada do ferro e o cristal, e a partir do século XX o formigón armado, moitas destas edificacións están construídas con muros de pedra e cerramentos de ladrillo ou mixtos, con estrutura de madeira, de formigón armado, con soportes metálicos ou mixtas.

Neste traballo non se ten en conta a arquitectura catalogada con nivel de protección integral e estrutural pola súa singularidade;

dado que a aplicación da cor nestes casos require dunha reflexión específica sobre o edificio e a súa contorna, para analizar en profundidade as intencións do arquitecto, e o lugar que ocupa dentro da paisaxe e a escena urbana.

Tómase como data de referencia a década dos 50, posto que a partir dos anos 60 do século pasado modificouse de forma substancial o xeito de construír, tanto no medio rural como no urbano.

A finais dos anos 50 tamén se interromperon as técnicas preindustriais da construción, e por tanto o uso dos materiais locais na mesma. Xurdiron solucións industrializadas que homoxeneizaron e globalizaron os materiais e as cores [Aguar, 2005].

Considérase pois a clasificación morfotipolóxica dividida en dous grandes grupos: edificación construída ata 1960 e edificación construída dende 1960 ata a actualidade.

ESTRUTURA DA GUÍA

A Guía de Cor e Materiais de Galicia componse de 12 guías, unha para cada unha das Grandes Áreas Paisaxísticas de Galicia.

Cada unha delas da resposta aos tipos de edificacións recollidos na seguinte táboa, nos ámbitos dos núcleos urbanos por unha banda, e nos núcleos rurais e solo rústico por outra.

Edificación	Núcleo Rural/Solo Rústico	Núcleo Urbano
Construída ata 1960	R01 Sinxeleza R02 Eixos R03 Ornamento R04 Volumetría R05 Racionalidade	U01 Sinxeleza U02 Eixos U03 Ornamento U04 Volumetría U05 Racionalidade
Casos particulares	P01 Encintados decorativos P02 Poboados de colonización da Terra Chá	
Construída dende 1960 ata a actualidade	R06	U06
Especial	R07 Illadas en solo rústico	U07 Polígonos industriais
Fitos	R08	U08

O xeito de utilización das guías ten catro pasos que responden a catro preguntas:

1ª · ¿En que GAP se atopa a edificación?

- I Serras Orientais
- II Serras Surorientais
- III Chairas e Fosas Luguesas
- IV Chairas, Fosas e Serras Ourensás
- V Ribeiras Encaixadas do Miño e do Sil
- VI Costa Sur-Baixo Miño
- VII Galicia Central
- VIII Rías Baixas
- IX Chairas e Fosas Occidentais
- X Golfo Ártabro
- XI Galicia Setentrional
- XII A Mariña-Baixo Eo

2ª · ¿En que ámbito se atopa a edificación?

De acordo coa clasificación do solo establecida polo planeamento urbanístico municipal, identifícanse os seguintes ámbitos:

- Urbano
- Núcleo rural.
- Rústico

Os ditos ámbitos clasifícanse en dous grupos: U (correspondentes ao urbano) R (correspondentes tanto ao núcleo rural como ao solo rústico).

3ª · ¿De que tipo de edificación se trata?

- Edificación construída ata 1960.
- Edificación construída dende 1960 ata a actualidade.
- Edificación especial
 - Polígonos industriais.
 - Edificacións illadas en solo rústico.
- Fitos.

4ª · ¿De que cor se pode pintar a edificación, de que xeito e que materiais se poden utilizar?

Ver o Tomo da GAP que corresponda.

Destas catro preguntas derivan outras tres:

5ª · ¿Qué se considera edificación illada en solo rústico?

6ª · ¿Qué se consideran fitos?

7ª · ¿No caso de edificación construída ata 1960, qué modelo ou morfotipoloxía corresponde?

5ª · Qué se considera edificación illada en solo rústico?

Para os efectos desta Guía considéranse edificacións illadas en solo rústico todas aquelas que se atopan nesta clase de solo, é dicir, fóra dos núcleos urbanos, núcleos rurais ou polígonos industriais. Pode tratarse de edificacións ou construcións de moi diferente uso e características construtivas.

As edificacións actualmente existentes en solo rústico son o resultado de marcos legais anteriores, así como de procesos de implantación anteriores ou alleos á normativa urbanística. As novas construcións que poden implantarse en solo rústico serán as que regula a lexislación urbanística vixente, a cal recolle unha ampla variedade de usos.

Para aplicar as cartas de materiais e cores neste tipo de edificacións teranse en conta tres posibles situacións:

1. De entre as edificacións existentes, algunhas, normalmente vivendas, poden encadrarse en algunha das morfotipoloxías

consideradas nesta Guía. Neses casos aplicarase a carta de cor correspondente a esa morfotipoloxía na GAP na que se atope.

2. Para novas construcións destinadas a usos residenciais vinculados a explotacións agrícolas ou gandeiras, para novas construcións ou rehabilitacións destinadas ao turismo que sexan potenciadoras do medio rural, e para construcións destinadas a equipamentos e dotacións, aplicarase a carta correspondente ás edificacións construídas desde 1960 ata a actualidade (R06).

3. Para os restantes casos, é dicir, para construcións existentes que non responden a ningunha das morfotipoloxías identificadas na Guía, así como para novas construcións ou rehabilitacións destinadas a usos diferentes dos citados no punto anterior, aplicarase a carta específica para construcións illadas en solo rústico (R07).

6ª · Qué se consideran fitos?

Debe terse en conta que existen na paisaxe unha serie de edificios que compren o papel de fitos, descríbeos Kevin Lynch:

"Os fitos son outro tipo de punto de referencia pero neste caso o observador non entra neles, por exemplo, un edificio, unha sinal, unha tenda ou unha montaña. O seu uso implica a selección dun elemento entre unha multitude de posibilidades. Algúns fitos están distantes e é característico que se lles vexa dende moitos ángulos e distancias, por arriba das cúspides de elementos máis pequenos, e que se lles utilice como referencias radiais. Poden estar dentro da cidade ou a tal distancia que para todo fin práctico simbolice unha dirección constante....Trátase de claves de identidade e incluso de estruturas usadas frecuentemente e parece que se confía cada vez máis nelas a medida que o traxecto faise máis familiar"(Lynch, 2010; 63)

Posto que o seu uso implica a selección dun elemento entre unha multitude de posibilidades, que se utilizan como referencias e que se trata de claves de identidade, considérase que non se lles deben aplicar as cartas e códigos de cores propostas. Estes fitos deberían ter un tratamento de cor específico, que non debería ser pautado por unha regra de simple integración na paisaxe, senón polas regras que leva implícito o concepto de cor-comunicación.

Trátase, normalmente, de edificios de uso público, tales como concellos, centros de saúde, colexios,...etc., que funcionan como puntos de referencia na paisaxe. En todo caso, calquera tipo de proxecto de intervención sobre un edificio desta morfotipoloxía, deberá de xustificar tanto a consideración de fito como a elección dos materiais e as cores para o acabado das edificacións.

7ª · No caso de edificación ata 1960, ¿que modelo ou morfotipoloxía corresponde?

Para a elaboración da Guía considerouse necesario sistematizar a edificación tradicional que forma parte do estudo. Por iso, clasificouse a mesma nunha serie de categorías, que presentan unhas características formais e compositivas parecidas que permiten agrupalas; empregouse o termo "morfotipoloxía" para denominar estas categorías. (García, 1995).

As características formais básicas analizadas son as seguintes:

1. Volumetrías da edificación.
2. Relación e proporción van /muro. Ritmo de ocios, dimensión e composición dos mesmos.
3. Xerarquías da edificación no plano vertical. Diferenciación formal das diversas alturas ou repetición das características formais de cada piso en sentido vertical.

4. Existencia ou inexistencia de corpos cegos voados, balcóns, miradoiros ou galerías.

5. Existencia ou inexistencia de elementos formais comúns tales como zócolos, recercados de fiestras, molduras de forxado ou impostas, esquinais, ménsulas en balcóns, varandas, balaústres, cornixas, linteis sobre vans ou motivos decorativos diversos.

6. Existencia ou inexistencia de elementos decorativos.

7. Idade de construción da edificación, sempre que sexa posible determinala.

Respecto á clasificación morfotipolóxica é preciso facer as seguintes aclaracións:

A. A clasificación morfotipolóxica refírese só a características formais (composición dos planos de fachada e elementos ornamentais), sendo posible que non se corresponda dita clasificación con outra que se faría en función dun estudo a nivel distributivo ou construtivo. Esta clasificación morfotipolóxica busca entroncar cos criterios de aplicación das paletas de cores, para ofrecer deste xeito unha ferramenta práctica e doada de interpretar.

B. Os procesos de reforma e rehabilitación das edificacións poden facer que presenten certo grao de indefinición morfotipolóxica.

Nestes casos óptase pola súa clasificación de acordo coas características formais dominantes.

C. Unha excesiva fragmentación das morfotipoloxías é contraria á intención de que a aplicación da Guía sexa simple. É por iso que, en ocasións, dentro dunha mesma morfotipoloxía atopan acomodo edificios non totalmente afíns, pero que, sen presentar diferenzas compositivas excesivas, son susceptibles de serlles aplicada a mesma composición cromática.

A aplicación de todos estes criterios de clasificación deu lugar ás seguintes morfotipoloxías:

MORFOTIPOLOXÍA	CALIFICATIVO	VARIANTES
R01/U01	SINXELEZA	R01/U01.1 – Mariñeira
R02/U02	EIXOS	
R03/U03	ORNAMENTO	R03/U03.1 – Finxidos de pedra R03/U03-2–Influencias Art Déco
R04/U04	VOLUMETRÍA	
R05/U05	RACIONALIDADE	

CASOS PARTICULARES	
MORFOTIPOLOXÍA	GAP
P01: ENCINTADOS DECORATIVOS	III CHAIRAS E FOSAS LUGUESAS IV CHAIRAS, FOSAS E SERRAS OURENSÁS V RIBEIRAS ENCAIXADAS DO MIÑO E DO SIL VII GALICIA CENTRAL XII SERRAS SURORIENTAIS
P02: POBOADOS DE COLONIZACIÓN DA TERRA CHA	III CHAIRAS E FOSAS LUGUESAS

1. Características

- Fondo de fachada plano.
- Ocos de fachada de gran simplicidade formal, sen orde compositivo, con ausencia total de decoración nos mesmos ou con existencia tan só de recercados planos e sen moldura, definidos por materiais e cor.
- En xeral, ausencia de cornixa, sendo máis frecuente unha solución de aleiro, de madeira ou de pedra, formalmente moi simplificada ou simplemente pintada.
- Os únicos elementos compositivos que se poden ir comezando a incorporar son:
 - a. Unha certa orde na composición das fiestras, no camiño da edificación de eixos. Dita orde débese a razóns puramente construtivas, non compositivas, e ocorre sobre todo cando o antepeito e o lintel forman un conxunto de pedra de cantería, sobre todo en construcións de muros mixtos de xisto e cantería.
 - b. A aparición dos esquinais, elementos con función construtiva, non compositiva, que teñen o obxectivo de resolver a esquina con pezas de cantería, en muros de xisto, as chamadas cadeas de canto.
 - c. O uso das molduras planas de forxado en cada piso, primeiras impostas, que nalgúns casos voan da fachada formando tímidos balcóns ou galerías.
 - d. A progresiva incorporación do zócolo, ás veces pintado por unha razón funcional de protección contra a suciedade da rúa.
- Aparecen elementos exteriores singulares tales como o patín, o corredor, a solaina, o soportal e ás veces a galería. Estes elementos foron definidos por Caamaño [2003, 118-122] e De Llano [1983; 82-92].

2. Acabados

- a. Revoco liso sen ornamentación. Con ou sen zócolo.
- b. Revoco liso con recercados, xambas, antepeitos, linteis, cornixas, impostas ou esquinais de pedra, pintados ou con finxidos de pedra.
- c. Encintados
- d. Pedra vista.

MORFOTIPOLOXÍA: R01/U01 SINXELEZA



- 1 Fondo plano
- 2 Esquinais
- 3 Aleiro
- 4 Corredor
- 5 Varanda de cerrallería

- 6 Carpintería de madeira
- 7 Saeteira
- 8 Bufarda
- 9 Lintel e antepeito de cantería
- 10 Patín



MORFOTIPOLOXÍA
R01 – SINXELEZA





MORFOTIPOLOXÍA
U01 – SINXELEZA



1. Características da casa mariñeira (De Llano, 1983) (Mallo, 1991) (Caamaño, 2003):

- A casa mariñeira térrea:
Este é o modelo máis primitivo da casa-vivenda mariñeira, que presentaba unha única planta sen divisións interiores. Nunha segunda evolución aparecen divisións no espazo interior da casa. Finalmente, nunha terceira etapa evolutiva, aprovéitase o espazo que queda baixo o tellado, é dicir, o sobrado ou faiado, para almacenaxe..
- A casa mariñeira de piso alto entre medianeiras:
Pode presentar dúas ou tres plantas, con acceso interior ás plantas superiores.
- A casa do remo:
Chámase casa do remo por ter un ancho da fachada frontal non superior ao longo do remo dunha traíñeira.
- A casa do pincho:
A que ten o muro piñón dando fachada á rúa. Haina dunha ou dúas plantas, algunhas con corredor. Moi sinxela, presenta características semellantes ás anteriores.
- A casa do patín:
Ten o acceso ó primeiro andar polo exterior, cunhas escaleiras que discorren paralelas ou perpendiculares á fachada. Ás veces o patín non leva ningunha protección, coma en Muros,

mentres que outras veces vai cuberto por unha prolongación do tellado, que nos casos de maior tamaño pode levar uns apoios de pés de madeira ou columnas de pedra.

Os muros poden estar construídos con cachotería, cantería ou mixtos, técnicas que se poden combinar nunha mesma edificación, deixando sempre a de maior calidade na fachada principal.

O acabado podía ser unha xabelga ou unha pintura ó cal dada no total da fachada, incluíndo as pedras vistas, ou parcialmente só nas partes revestidas con morteiros. Tamén se atopan finxidos de pedra, sobre a parte revestida ou ocupando toda a fachada, incluso sobre as pezas de cantería cando non é de boa calidade. Acabado con pintura nas carpintarías que pechan os vans.

A casa mariñeira de piso alto entre medianeiras, a casa do remo e a casa do pincho poden ter corredores. O corredor, chamado solaina en moitos lugares, é un elemento singular exterior que caracteriza unha importante área do territorio galego. Consiste nun espazo aberto de tránsito, pegado á edificación. Sitúase polo xeral debaixo da prolongación da cuberta, aínda que ás veces apareza protexido por unha cuberta independente. No litoral cantábrico, serve como protección dos ocos fronte ao vento e a chuva; na costa atlántica é usada como unha dependencia máis da vivenda, de moi frecuente uso.

MORFOTIPOLOXÍA: R01/U01-1 · Mariñeira



- 1 Zócolo
- 2 Fondo plano
- 3 Imposta
- 4 Recercado
- 5 Corredor
- 6 Carpintaría de madeira



MORFOTIPOLOXÍA
R01/U01 – SINXELEZA

VARIANTE
R01/U01-1 · MARÍÑEIRA



1. Características

- Introducción, algunhas veces veladamente, dos criterios académicos de composición: basamento, corpo e remate. Constituídos polo zócolo, corpo da fachada e cornixa.
- Ocos de fachada con estrito orde compositivo, segundo eixos [Dalda Escudero, Pérez Franco, 1983] definidos polo número de columnas de fiestras/portas superpostas que aparecen na fachada, sendo o máis común as fachadas de 3 eixos, aínda que poden atoparse exemplos de menos e máis eixos.
- Recercados que enmarcan os ocós, impostas que sinalan o nivel de forxado e esquinais que marcan a esquina do edificio, sempre sobresaíntes do plano de fachada. Normalmente están construídos con cantería, pero poden aparecer molduras de morteiro pintadas ou con finxidos de pedra. Aínda que é recorrente a carencia de ornamentos, se aparecen algúns apenas acadan presenza na composición xeral.
- O zócolo pode ser unha peza funcional, que sobresaí do plano de fachada, pode ir xa aparecendo cunha moldura, que o diferencia claramente, ou almohadillados ocupando parte ou toda a planta baixa.
- Existencia de cornixa, que pode ser de dous xeitos:
 - Moldura de cornixa de pedra de cantería ou ladrillo revestido baixo o aleiro da cuberta.
 - Cornixa clásica, coroada con antepeito ou ben con varanda superior.
- Poden aparecer unhas fiestras máis pequenas na parte superior, cuxa funcionalidade é a ventilación do faiado, cumprindo a función compositiva do entablamento clásico.
- Repetición das plantas de forma idéntica. Normalmente non se aprecia variación entre a primeira planta e as restantes, excepto nas edificacións cunha vocación "señorial", nas que se diferencia a planta nobre engadíndolle máis altura entre forxados.
- Existencia de elementos exteriores singulares (balcón, galería, miradoiro, bufarda).

a. Balcóns.

O balcón xa é un dos recursos utilizados ata entón para ennobrecer unha edificación, ocupando o eixo principal da edificación ou repetido en todos ou parte dos ocós.

b. Galería [Caamaño, 2003; 122].

A galería acristalada é un elemento arquitectónico que ten a súa orixe na reforma de velas solainas e corredores. Nela lógrase a regulación do soleamento e evítase o embate da chuvia e o vento na época invernal, ademais de servir como espazo de estar.

Está formada por unha estrutura lixeira a base de puntais e antepeitos de madeira, completada por fiestras e

pequenos vidros para obter a máxima transparencia posible. Case sempre se sitúa no derradeiro andar para lograr o máximo aproveitamento solar, e cando é posible, con orientación ao sur.

Poden aparecer galerías mixtas cos peitorís de obra de fábrica e a parte de arriba de carpintaría de madeira. Píntanse simulando unha galería das xenéricas ou incluso resaltando con molduras sobre a parte de obra as trazas dos montantes dunha galería de madeira.

c. Miradoiros.

Pequenas galerías coa función de observar a rúa, sen verse afectado o observante polas condicións climatolóxicas.

d. Bufardas

Aparecen basicamente de 3 tipos:

- As que se dispoñen na vertente de cuberta. Adoitan ser máis pequenas.

- As que se dispoñen xusto por riba da cornixa, incorporándose aos sotabancos cando existen.

- As que prolongan o plano de fachada.

Aparece como elemento compositivo no eixo de simetría da fachada de tres eixos.

- Diferenciación en canto ao tratamento dado á fachada principal con respecto ás laterais.

Isto provoca, en edificios con cuberta a dúas augas e illados, o remate das molduras da cornixa sobre os esquinais con distintas solucións co fin de evitar voltear a moldura por todo o pinche ou hastial. Incluso aparecen solucións singulares de remate da esquina coa mesma composición que a fachada principal cando a edificación da a dúas rúas.

2. Acabados

- a. Revoco liso con cercados, cornixas, impostas ou esquinais sobresaíntes do plano de fachada, de pedra, con molduras pintadas ou con finxidos de pedra, sen ornamentos ou con pouca significación na composición da fachada.

b. Pedra vista.

c. Revestimentos cerámicos.


MORFOTIPOLOXÍA: R02/U02 EIXOS



- 1 Zócolo
- 2 Fondo
- 3 Imposta
- 4 Recercado

- 5 Esquinais
- 6 Balcón
- 7 Cerrallería
- 8 Galería

- 9 Bufarda
- 10 Cornixa
- 11 Aleiro



MORFOTIPOLOGÍA
R02/U02 – EIXOS



1. Características

- Aparición de ornamentos e introdución dunha maior complexidade no uso da policromía derivada do uso dos materiais.
 - Fachadas enriquecidas con relevos resaltados do pano de fachada, coa intención de dignificar o aspecto estético de elementos funcionais (cornixas, impostas, esquinais, zócos, gardapós, ...) ou ben coa intención de ornamentar (molduras, balaústres, plafóns, gardapós, celosías, vasos, ...). Nunhas edificacións aparecen feitos en cantería e noutras o alto custo da cantería fixo que se recorre a pastas de xeso, cal e cementos artesanais.
 - Dependendo da xeometría do elemento a fabricar, usábanse dúas técnicas:
 - Corridos de terraxa in-situ, para realizar un recrecido de carácter lineal. Desprazamento lonxitudinal dun perfil metálico que reproduce a contraforma do volume desexado.
 - Baleirados realizados en obradoiro ou incluso a pé de obra, para logo incorporalos á fachada mediante pastas ou adhesivos. Facíase o modelo modelando barro e nalgúns casos tallando madeira, para logo facer o baleirado con moldes de xeso ou outros materiais.
- A elección dun ou doutro dependía da xeometría a elaborar, reservándose a técnica do baleirado para aqueles elementos que non podían ser realizados por un simple desprazamento unidireccional.

2. Acabados

- a. Revocos lisos de cal, cemento e bastardos pintados.
- b. Revocos rugosos de cal, cemento ou bastardos pintados. Tirolasas ou gavilanas.
- c. Revocos lisos de cal, cemento e bastardos finxindo pedra coa cor incorporada ao revoco ou con pintura que finxe o punteado da pedra.
- d. Revocos de cal, cemento e bastardos finxindo ladrillo coa cor incorporada ao revoco ou con pintura cor ladrillo.
- e. Pedra vista.
- f. Revestimentos cerámicos

Pode entenderse que esta morfotopoxía engloba á arquitectura indiana, aos eclecticismos, aos modernismos e demais estilos caracterizados polo ornamento e unha determinada utilización da cor.

Ao atoparse edificacións importantes catalogadas con nivel de protección integral e estrutural e/ou sendo obras de arquitectos concretos e individualizados, considérase que faría falta un estudo específico, sobre todo en lugares onde existen mostras numerosas ou características dela, que xeran unha identidade nun núcleo, barrio ou rúa. No caso de non haber un plan de cor específico, recoméndase en edificacións importantes, de autor concreto e individualizado e/ou catalogadas con nivel de protección integral e estrutural, un estudo individualizado da intervención cromática.

MORFOTIPOLOGÍA: R03/U03 ORNAMENTO



- 1 Zócolo
- 2 Fondo
- 3 Imposta
- 4 Alfeizar
- 5 Antepeito

- 6 Gardapós ornamentado
- 7 Balcón
- 8 Balastrada
- 9 Cornixa
- 10 Imposta de cornixa

- 11 Peineta
- 12 Pilastra
- 13 Peto
- 14 Bufarda
- 15 Galería





Tradicional R03/U03-1 · Ornamento. Variante finxidos de pedra

Sendo moi difícil a clasificación das fachadas ornamentadas coa finalidade de decidir o tipo de tratamento cromático que deben recibir, e facendo a excepción de que hai moita arquitectura ornamentada que necesita un tratamento personalizado, individualizado e especializado, pódese xeneralizar unha variante da principal: cando o fondo e/ou os elementos compositivos da fachada están traballados con técnicas co obxectivo de finxir a pedra.

1. Características

Son asimilables todas as características xerais da morfotipoloxía R03/U03 ornamento. Atópanse acabados de fachada con finxidos de cantería, tentando transmitir dous tipos de linguaxe:

- Estructural, facendo despezaementos que imitan a estereotomía da cantería, feitos con trazados rectilíneos de pintura negra e/ou branca. Ou con xuntas refundidas no caso da cor incorporada ao revoco, que adoitan ser máis profundas e evidentes nas plantas baixas, zócolos e esquinais. Tamén é posible unha mestura dos dous sistemas.
- Formal, utilizando punteados negros, ocre e brancos mesturados, que queren imitar coa cor a textura da pedra granítica, ou coa textura superficial do revoco no caso da cor incorporada nel.

Nalgúns casos aplícanse as dúas á vez e noutros só unha delas.

Nalgunhas edificacións aparecen en todos os elementos compositivos da fachada e noutras en parte deles, combinándose con elementos feitos de cantería, probablemente por unha cuestión meramente económica, estando os de cantería normalmente na planta baixa, por ser a que se percibe mellor pola proximidade, e os de "falsa pedra" nas plantas altas.

2. Acabados

- a. Revocos lisos de cal, cemento e bastardos pintados.
- b. Revocos lisos de cal, cemento e bastardos finxindo pedra coa cor incorporada ao revoco ou con pintura que finxe o punteado da pedra.
- c. Pedra vista.

Pode entenderse que esta morfotipoloxía engloba á arquitectura indiana, aos eclecticismos, aos modernismos e demais estilos caracterizados polo ornamento e unha determinada utilización da cor.

Atópanse edificacións importantes catalogadas con nivel de protección integral e estrutural, e/ou que son obras de arquitectos concretos e individualizados, polo que se considera que faría falta un estudo específico, sobre todo en lugares onde se atopan mostras numerosas ou características dela, que xeran unha identidade nun núcleo, barrio ou rúa.

No caso de non haber un plan de cor específico, recoméndase en edificacións importantes, de autor concreto e individualizado e/ou catalogadas con nivel de protección integral e estrutural, un estudo individualizado da intervención cromática.

MORFOTIPOLOGÍA: R03/U03-1 FINXIDOS DE PEDRA



- | | | |
|------------------------|--------------------------|----------------------|
| 1 Zócolo | 5 Antepeito | 9 Imposta de cornixa |
| 2 Fondo con finxido | 6 Varanda de cerrallería | 10 Cornixa |
| 3 Pilastra con finxido | 7 Recercado ornamentado | 11 Balcón |
| 4 Imposta | 8 Gardapós ornamentado | |





Tradicional R03/U03-2 · Ornamento. Variante influencias do Art Déco

Antes de dar o paso ás características propias da racionalidade, a arquitectura viviu unha etapa intermedia de curto recorrido que aínda herdaba do desexo de ornamento pero xa combinado con formas xerais máis depuradas, liñas e movementos que ían imporse posteriormente.

De feito, en moitos casos é tal o parentesco entre Art Déco e Racionalismo que se poden confundir contribuíndo á súa falta de visibilidade e recoñecemento.

Con todo, as edificacións de influencias Art Déco amosan un estilo propio; unhas composicións de fachadas, uns elementos decorativos e cores tan singulares que requiren dun tratamento específico.

Non é unha influencia moi estendida. Atópase principalmente nos ámbitos urbanos máis prósperos. Agás nas arquitecturas de novas funcións como cines, almacéns, ..., onde as liñas son representativas, nas vivendas aínda pode aparecer con compoñentes remanentes do pasado ou de rexionalismos, a pesares de ser unha estética internacional. Os exemplares con fachadas totalmente de pedra adoitan ser boas mostras desta influencia máis local.

A presenza de ornamento, aínda que con formas máis abstractas que figurativas, soe diferenciar as influencias Art Déco das do racionalismo, caracterizado no seu caso en parte pola renuncia a estes recursos compositivos. As demais características desta morfotipoloxía son:

- Depuración e xogo de planos de fachada.
- Tendencia ao monumental e xeométrico.
- Movemento vertical acentuado por anchos, moldurados, acanalados e pilastras, xeralmente continuos en toda a altura da edificación.

- Cando non se acentúa a verticalidade, tensión compositiva coa combinación de horizontalidade e verticalidade.

- Elementos decorativos resoltos con planos superpostos xeométricos. Volumes graduados, cambio de planos graduais e acanaladuras.

- Ornamento restrinxido; lineal e abstracto.

- Escasa presenza de elementos historicistas que poden aparecer aínda en arquivoltas ou frontóns con formas reinterpretadas. Aparecen unhas grilandas totalmente xeometrizadas e entrepanos de balaustres de formigón sobre fondo cego.

Apréciase unha gran variedade de elementos ornamentais que finxen, é dicir, imitan outros materiais. Así mesmo, atópanse acabados de fachada con finxidos de cantería, tanto na súa linguaxe estrutural, no seu despece imitando a estereotomía da cantería, como no seu acabado formal final, ás veces só na súa linguaxe formal.

Tamén poden atoparse finxidos de ladrillo, reproducindo a súa forma e a súa cor, así como o uso de cerámica decorativa.

Ao existir edificacións importantes catalogadas con nivel de protección integral e estrutural e/ou que son obras de arquitectos concretos e individualizados, considérase que faría falta un estudo específico, sobre todo en lugares onde se atopan mostras numerosas ou características dela, que xeran unha identidade nun núcleo, barrio ou rúa.

No caso de non haber un plan de cor específico, recoméndase en edificacións importantes, de autor concreto e individualizado e/ou catalogadas con nivel de protección integral e estrutural, un estudo individualizado da intervención cromática.







1. Características

- Fachadas con distintos xogos volumétricos, consecuencia probablemente das primeiras utilizacións do voladizo de formigón armado, onde aparecen corpos voados e/ou retranqueados cegos, que ocupan unha, varias ou todas as plantas dunha edificación, cunha linguaxe que pode ser resaltada e potenciada mediante a utilización da cor, utilizando as técnicas do claroscuro. Técnica de xerarquía de luminosidade: planos máis afastados, máis escuros; planos máis próximos máis claros.
- Aparecen recursos decorativos diversos, tales como balaustradas, varandas, pilastras, plafóns, verteaugas, cornixas con molduras, remates especiais das cubertas, etc. Os xogos volumétricos son máis importantes que os ornamentos para establecer as morfotipoloxías a efectos desta Guía.

Pode entenderse que esta morfotipoloxía engloba á arquitectura indiana, aos eclecticismos, ao neobarroco e demais estilos caracterizados por unhas determinadas características formais e unha concreta utilización da cor.

Existen edificacións importantes catalogadas con nivel de protección integral e estrutural, e/ou que son obras de arquitectos concretos e individualizados, polo que se considera que faría falta un estudo específico, sobre todo en lugares onde se atopan mostras numerosas ou características dela, que xeran unha identidade nun núcleo, barrio ou rúa.

No caso de non haber un plan de cor específico, recoméndase en edificacións importantes, de autor concreto e individualizado e/ou catalogadas con nivel de protección integral e estrutural, un estudo individualizado da intervención cromática.

2. Acabados

- a. Revocos lisos de cal, cemento e bastardos pintados.
- b. Revocos lisos de cal, cemento e bastardos finxindo pedra coa cor incorporada ao revoco ou con pintura que finxe o punteado da pedra.
- c. Pedra vista.

MORFOTIPOLOGÍA: R04/U04 VOLUMETRÍA



- | | | |
|---------------|---------------------|-----------------------|
| 1 Zócolo | 5 Varanda | 9 Columna |
| 2 Basamento | 6 Imposta | 10 Gardapós moldurado |
| 3 Fondo | 7 Cornixa | 11 Corpo sainte |
| 4 Balaustrada | 8 Frontón moldurado | |





1. Características

- Considéranse como edificios de marcada influencia racionalista os construídos entre as décadas dos vinte e cincuenta en Galicia, caracterizados pola pureza das súas liñas e a nudez ornamental, tomado como trazo específico do século XX. Estas edificacións son coetáneas ás técnicas construtivas ligadas aos novos materiais como o formigón armado, o aceiro soldado, as carpintarías metálicas e superficies de vidro de gran tamaño.

- Aparecen os grandes vans horizontais e se o sistema construtivo da fachada non é propicio para este tipo de ocos, se agrupan para potenciar dita horizontalidade, ou se rodean mediante un recercado, moldura ou bandas pintadas, ao que se chama "anteface" nas instrucións de uso. O fondo que rodea as fiestras e que se atopa no interior do anteface pode posuír un acabado diferente ao resto da fachada, como finxido de ladrillo ou falsa fábrica, bandas horizontais, picado, tirolesa, entre outros.

Atópase esta solución de agrupamento de fiestras por medio do "anteface" en edificios sinxelos de fachada plana e estrutura de eixos, ás veces separando as fiestras con pezas curvas, coa vontade de unificalas visualmente nunha soa horizontal.

- Outra variante deste tipo de composición é o xogo volumétrico en fachada, combinando elementos singulares saíntes a modo de galería con antepeito cego e/ou balcóns cun extremo curvo, protexidos por un peto de ladrillo ata media altura e unha varanda a base de tubos e/ou chapas metálicos. En ocasións estes elementos ocupan todo o ancho de fachada, como volume voado a partir do primeiro andar. Noutros casos o dinamismo preséntase cun corpo voado pregado, de directriz vertical.
- O pronunciado carácter horizontal da edificación ven dado pola continuidade de liñas de imposta, cornixas, zócolos, alfeizares ou molduras no remate de antepeitos e petos, ao longo de toda a fachada. A estes elementos se lles denomina molduras horizontais nas instrucións de uso.
- Mantense ó zócolo como elemento sobresaínte do plano de fachada, como protección, que pode presentar texturas de acabado diferentes ó fondo, como cantería, terrazo in situ pulido, finxido de cantería, almofadado, tirolesa, etc.

2. Acabados (Alonso González, 2014).

- a. Revocos lisos de cal, cemento ou bastardos pintados.
- b. Revocos rugosos de cal, cemento ou bastardos pintados. Textura picada e tirolesas.
- c. Revocos de cal, cemento ou bastardos formando bandas horizontais e nalgúns casos verticais superpostas á fachada. Raiados, ondas e acanaladuras
- d. Revocos lisos de cal, cemento e bastardos finxindo pedra, coa cor incorporada ao revoco ou con pintura que finxe o punteado da pedra.

- e. Revocos de cal, cemento e bastardos finxindo ladrillo, coa cor incorporada ao revoco ou con pintura de cor ladrillo.

- f. Falsa fábrica de ladrillo macizo aparelado a soga, cun aplacado cerámico rexuntado con morteiro de cemento ou bastardo superposto en determinadas partes da fachada.

"É o emprego da cor un dos puntos a través dos cales trabállase o efecto buscado polos arquitectos Racionalistas. A aplicación de diferentes cores é un dos medios mediante os cales conséguese salientar a diferenciación dos panos nos que se descompoñen as fachadas, as liñas de imposta ou marcar determinados elementos ornamentais. Por elo, a cor é fundamental á hora de percibir o edificio, funcionando en boa medida como unha ferramenta que permite xerarquizar os distintos elementos ornamentais das fachadas". (Alonso González, 2014; 53).

Por iso o emprego da cor na edificación desta morfotipoloxía ten que ser coidadosa. Atopándose edificacións importantes catalogadas con nivel de protección integral e estrutural, e/ou que son obras de arquitectos concretos e individualizados, considérase que faría falta un estudo específico, sobre todo en lugares onde se atopan mostras numerosas ou características dela, que xeran unha identidade nun núcleo, barrio ou rúa.

Nesta Guía recóllese unha solución que ten o obxectivo de solucionar subsidiariamente un problema. No caso de non haber un plan de cor específico, recoméndase en edificacións importantes, de autor concreto e individualizado e/ou catalogadas con nivel de protección integral e estrutural, un estudo individualizado da intervención cromática.

MORFOTIPOLOGIA: R05/U05 RACIONALIDADE



- 1 Zócolo
- 2 Anteface
- 3 Alfeizar

- 4 Molduras horizontais baixo alfeizar
- 5 Antepeitos cegos
- 6 Peto

- 7 Cornixa
- 8 Corpo voado en pregadura
- 9 Copo voado en curva





Considéranse encintados decorativos aqueles revestimentos de morteiro aplicados nos muros dun edificio, que presentan traballos de acabado ou trazados máis alá da súa función protectora e ornamentan as fachadas, coa intención de fortalecer e dar maior beleza á cachotería de granito.

Consiste en encher as xuntas dos cachotes de granito e ao mesmo tempo trazar motivos decorativos de carácter grotesco, "adornos de puro capricho formados por figuras de animais, de follaxes, de flores, de froitos" (Lizancos Mora, 1993; 30)

Na GAP Chairas e Fosas Luguesas e na GAP Galicia Central, o tipo de cachotería que recibe estes encintados responde ó mesmo patrón, empregándose cachotes de gran tamaño de forma ovalada ou paralelepípeda, de cantos redondeados. No encontro entre estes cachotes colócanse cachotes de pequeno tamaño de forma ovalada ou redondeada, polo que o tamaño da xunta é maior que noutros tipos de cachotería. Así, o encintado recubre esta xunta e parte da pedra de maior tamaño deixando á vista a parte interior dos cachotes maiores aproveitando o sentido práctico de protección para ornamentar con diferentes motivos as paredes.



Pódense atopar 3 tipos diferentes de encintados:

- Encintados de morteiro de cal: formados pola superposición de capas de cal e area de granulometrías diferentes, sendo o árido cada vez máis fino cara ao exterior con acabado encalado e con figuración claramente ornamental.
- Encintados de cal tipo "xabelgas". Consisten nunha soa capa de cal, con certa cantidade de árido que aporta textura, rixidez e durabilidade para a protección da xunta, adquirindo certa intencionalidade decorativa no conxunto da fachada.
- Encintados de morteiro de cemento pintado de branco. Atópanse en certas vivendas onde os morteiros tradicionais desapareceron e substituíronse por estes, en cemento con acabados en pintura plástica, que tratan de imitar os encintados tradicionais revestindo a xunta dos cachotes. Obsérvase unha certa intencionalidade decorativa, aínda que as destrezas do aplicador así como a dificultade de traballar o propio material [cemento, debido ao seu rápido secado] limitan o seu efecto.

Na GAP Chairas, Fosas e Serras Ourensás atópanse encintados decorativos de tipo construtivo nas xuntas das fábricas, ás veces máis xeométricos, marcando e imitando composicións máis regulares de sillares e perpiaños, ou dignificando os ocos das fachadas segundo os gustos estéticos da época de construción da edificación, e ás veces máis orgánicos, nunha arquitectura máis

popular, tapando case na totalidade a cachotería vista. O material constituínte é principalmente a argamasa de area de natureza granítica e cal. Finalmente o enlucido faise con cal.

Na GAP Ribeiras Encaixadas do Miño e do Sil, ademais dos anteriores, atópanse como característica uns encintados de tipo máis artístico, non respondendo á natureza construtiva das xuntas das cachoterías, formando panos continuos con ocos debuxados elaborados seguindo pautas repetitivas de formas xeométricas orgánicas, en edificacións de diferente escala, na arquitectura popular e tamén na máis culta. O material cambia segundo o árido do lugar e as técnicas de elaboración tradicionais, atopando variacións incluso nunha mesma comarca. Árido de natureza granítica aglomerado coa cal, no sur da ribeira do Sil, no alto da conca do río. Árido de natureza arxilosa ocre, esquirlas de xisto, palla e cal no centro da gran área paisaxística. Morteiro de area arxilosa, con escasa ou nula presenza de cal o leste da área. Árido de río, cal e en ocasións pigmento óxido de ferro na conca do Miño (zona norte). Árido de río, esquirlas de granito, palla e cal no suroeste do Miño. Sobre os morteiros aplícase a cal.

Os encintados decorativos constitúen dentro da arquitectura tradicional galega un dos elementos ornamentais de maior singularidade. O feito de que esta expresión da arte popular consista no tratamento ornamental das xuntas dos muros de cachotería –o elemento de sacrificio no conxunto do muro– fai que sexan especialmente vulnerables. Os encintados estaban previstos para ser renovados cada certo tempo, co obxecto de garantir a estanquidade das xuntas, e polo tanto do conxunto da fábrica. A perda dos oficios tradicionais, o abandono das edificacións do medio rural, a substitución dos morteiros tradicionais, a base de cal, por morteiros de cemento e a moda de deixar a pedra á vista está terminando con estes elementos ornamentais de tanto valor artístico e cultural.

Por conseguinte, nas intervencións en construcións da arquitectura tradicional nas que existan encintados decorativos, deberán tomarse as medidas necesarias para a súa protección e recuperación. Neste proceso evitárase a substitución dos morteiros orixinais por morteiros de cemento, que polo seu contido en sales e pola súa maior dureza contribúen ao deterioro das fábricas. Recoméndase, polo tanto, a utilización de morteiros de cal, de características similares aos tradicionais. E recoméndase tamén un coñecemento profundo das técnicas de aplicación e da composición dos morteiros que se deben usar, para non provocar cunha mala execución a perda dun patrimonio cultural irrecuperable.

MORFOTIPOLOGÍA: P01 ENCINTADOS DECORATIVOS







Enténdese por poboados de colonización os asentamentos de poboación provenientes do Plan Xeral de Colonización da Terra Chá de 1956. Devanditos asentamentos, cun carácter totalmente agrícola e gandeiro, localízanse nos concellos de Cospeito (A Espiñeira, Arneiro e Veiga do Pumar) e Castro de Rei (O Matodoso). A ordenación resultante de dito Plan dá como resultado a diseminación da vivenda no territorio, onde raramente se atopan máis de dúas vivendas xuntas, dotándoo dunha baixísima densidade, o que favorecería as actividades tanto agrarias como gandeiras. As citadas vivendas conéctanse entre si ao redor dun centro cívico que alberga os principais servizos tales como igrexa, escola e centro social. Devandito centro dota á parroquia dunha certa entidade, non dependendo así dos municipios veciños máis densos. O complexo da vivenda agrícola está conformado ao redor dun patio central, sobre o que se sitúan as dependencias agrarias, dúas naves, galiñeiro, corte, alpendre, dous silos e a vivenda ofrecendo a fachada principal ao camiño.


A vivenda distribúese á maneira tradicional, en dúas plantas, o que favorecía a súa integración na comarca, construída cos materiais locais tales como cachotaría de granito e cuberta de lousa. Aínda que as características formais exteriores da vivenda presentan as das construcións tradicionais (tan só alteradas por un pequeno retranqueo na porta principal), o aspecto compositivo das mesmas varía, deixando a cachotaría da planta baixa vista rexuntada con morteiro bastardo e permanecendo o primeiro andar caleado en branco á maneira tradicional. As fiestras seguen sendo de pequena entidade, colócanse as carpintarías de madeira pintadas ao óleo enrasadas ao exterior e as contraventás ao interior, sen gardar ningunha orde específica aparente.

Non presentan zócolos, nin impostas, nin cornixas, nin esquinais na súa construción orixinal, aínda que aparecen os devanditos elementos (na súa maioría pintados) en posteriores alteracións.

MORFOTIPOLOGÍA: P02 POBOADOS DE COLONIZACIÓN







Instrucións de uso

4.2 CRITERIOS E RECOMENDACIÓNS XERAIS PARA A SELECCIÓN DE MATERIAIS E TIPOS DE ACABADOS

4.2 CRITERIOS E RECOMENDACIÓNS XERAIS PARA A SELECCIÓN DE MATERIAIS E TIPOS DE ACABADOS

Este capítulo contén recomendacións xerais sobre o uso dos materiais e tipos de acabados. Tamén recolle as conclusións do traballo en canto á necesidade de acometer determinados plans de cores acoutados e á necesidade de completar este estudo con outros específicos. Finalmente, constátase a problemática relacionada coa preservación das técnicas e dos acabados tradicionais, que se reflicte no abandono do seu uso e, polo tanto, na necesidade de preservar ese coñecemento.

Non se ten en conta a arquitectura catalogada con nivel de protección integral ou estrutural, pola súa singularidade. A aplicación da cor neste caso require unha reflexión específica sobre o edificio e a súa contorna, analizando en profundidade as intencións do arquitecto e o lugar que ocupa dentro da paisaxe e a escena urbana.

Cando nun traballo de rehabilitación ou mantemento se atoparen cores orixinais e auténticas, poderanse reproducir xustificando a decisión, aínda que non estean na paleta correspondente. Cando unha edificación non atope acomodo nunha das morfotipoloxías da edificación construída ata 1960, polas circunstancias que sexan, aplicaráselle as cartas de cores e instrucións de uso de R01-Sinxeleza, se se atopa nun núcleo rural ou solo rústico, e U01-Sinxeleza se se atopa en solo urbano.

A referencia á cor realízase de acordo coa codificación NCS (Natural Colour System). A norma española "UNE 48103: 2014. Pinturas e vernices. Cores normalizadas" baséase no sistema NCS de notación da cor. Este sistema foi desenvolvido polo Instituto Escandinavo da Cor, a partir dun modelo teórico universalmente aceptado que, baseado na percepción visual da cor, da lugar a un sistema de ordenación e descrición das cores, que permite sinalalas mediante unha codificación que ten a vantaxe de poder interpretar os atributos da cor (luminosidade, saturación e matiz) a través do código da mesma.

Utilizáronse en todo o traballo, excepto nas edificacións de morfotipoloxías mariñeiras e nalgúns zócolos de determinadas edificacións, uns límites máximos de luminosidade e saturación, que foron definidos a partir do estudo co fin de axudar a garantir a harmonía de todo o conxunto. Foron 30 de luminosidade e 20 de saturación.

A reprodución da cor que aparece en toda a documentación desta Guía pode non ser a exacta, por iso prevalecerá sempre a notación NCS.

4.2.1. CRITERIOS E RECOMENDACIÓNS XERAIS PARA A SELECCIÓN DE MATERIAIS E TIPOS DE ACABADOS

Edificación construída ata 1960

A. DIAGNOSE

Muros e acabados exteriores

En xeral, a existencia de acabados e revestimentos tradicionais que se conservan é escasa, e diminúe nas zonas máis ricas economicamente e próximas ás contornas urbanas, onde foron substituídos por novos materiais, ou eliminados. Aínda así, con todos os datos recollidos neste traballo, obtense unha idea clara de como foron.

Os muros das edificacións tradicionais están executados coa pedra que se atopa na zona, ben en cachotería ben en cantería. As fábricas de pedra que forman os muros hai que entendelas como un conxunto construtivo do que tamén forman parte os seus acabados. Na maioría dos muros de cachotería as fábricas non están previstas para quedar expostas á intemperie, sendo os morteiros ou rexuntados de acabado os elementos construtivos fundamentais para a súa protección fronte ás inclemencias do ambiente exterior, ademais de facilitar o mantemento do elemento construtivo pola súa fácil substitución e reparación. Os morteiros de acabado garanten a estanquidade fronte á auga e á humidade ambiental, e cando son de cal permiten un correcto comportamento na transpirabilidade do muro. Polo tanto,

a eliminación dos morteiros de cal de acabado considérase un erro dende o punto de vista técnico e construtivo.

Os acabados atopados nas edificacións principais son a pedra da cantería ou os feitos con morteiros de cal; incluso nos casos das fábricas de cantería vense exemplos coa pedra pintada cunha xabelga de cal. Nos casos dos recibos, estes poden ficar como acabado final, sendo entón a cor do muro a do propio material, ou ben ser pintados, sempre con pinturas de cal. Nalgúns casos decóranse con finxidos de pedra ou motivos ornamentais máis ou menos sinxelos, no fondo, ao redor das fiestras ou ben nos recercados delas, nas impostas, cornixas, esquinais ou zócolos. Nas construcións secundarias, nas principais máis humildes e nas zonas de montaña, atopamos as fábricas de cachotería vistas sen recebo. En relación aos acabados, hai que salientar os encintados decorativos clasificados como caso particular P01, dos que cada vez quedan menos exemplos, e os finxidos de pedra realizados cos revocos de cal, imitando o despezo dunha boa cantería.

Nos muros de cachotería, cando se deixan vistos os recercados dos ocós, poden atoparse dúas solucións: nas edificacións máis antigas a formación dos ocós realízase coa pedra de maior calidade,

normalmente con cantería, e quedan no mesmo plano que o resto da fábrica. Nos casos nos que estes muros estean revogados, o morteiro córtase a plomo e a nivel, excepto nalgúns casos do rural. Nas edificacións máis recentes (s. XIX), a pedra dos recercados dos ocos está traballada con molduras e quedan preparados para que os morteiros de acabado rematen contra ela. En conclusión, **a entrega do revestimento contra o recercado debe de realizarse a plomo e a nivel**, excepto nos casos de preexistencias rurais nos que non se atopen así os acabados antigos. Nas aberturas dos muros, ou ocos, existen unhas pedras chave coa función de trabar o recercado co muro. Estas pedras non teñen por que facerse evidentes deixándoas vistas, polo tanto o revestimento do muro débese cubrir.

É importante precisar que estes materiais, ao ser minerais e con técnicas de aplicación artesanais, sempre dan uns acabados mates e a percepción da cor non é unha cor plana ou sólida; a heteroxeneidade dos morteiros (mestura de aglomerante e áridos) e a desigual distribución dos pigmentos, no caso das xabelgas e pinturas, aporta gran cantidade de matices nos paramentos que enriquecen o aspecto final das fachadas. Este feito dificulta a identificación exacta do matiz da cor, polo que deberá tomarse sempre para a súa identificación a dominante.

Aparece unha utilización moi interesante das grandes lousas de xisto nalgúns áreas, cubrindo paramentos verticais de medianería ou en ámbitos de montaña, onde se utiliza nas solainas e nas varandas dos corredores.

Nalgúns áreas litorais aparecen algúns paramentos verticais de medianería, especialmente os expostos aos temporais dominantes, coa súa superficie cuberta con cunchas de moluscos.

Carpintarías

Outro elemento construtivo fundamental na imaxe das fachadas son as carpintarías. O material empregado tradicionalmente é a madeira protexida con pinturas ao aceite. Nas edificacións máis antigas a posición das carpintarías é enrasada coa cara exterior do muro, nos rebaixes da pedra dos marcos ou sobremarcos de madeira nas zonas onde o granito é escaso, agás as portas de acceso, que se sitúan recuadas tras as pedras que forman os ocos. Con esta sinxela solución resólvese a estanquidade fronte á entrada da auga de choiva. Recentemente estase modificando a posición das fiestras para colocalas recuadas; esta práctica incide de maneira determinante na percepción do edificio, perdendo unha das características que identifica a nosa arquitectura tradicional.

No século XIX, as solucións compositivas de fachadas evolucionan e a construción dos ocos realízase con recercados de pedra traballados con molduras cunha intención decorativa, levando a posición das carpintarías tras os elementos de cantería dos ocos para salientar o traballo da pedra.

Cubertas

Os materiais mais utilizados para garantir a estanquidade das cubertas son as lousas de xisto ou a tella cerámica. O emprego dun dos materiais, ou solucións mixtas dos dous, varía segundo as zonas. Tamén se emprega ás veces a lousa de granito ou solucións mixtas desta con xisto ou cerámica.

Aparecen certas edificacións con cubertas planas, de zinc, de cobre, cerámicas ou de colmo. Case todas elas se atopan en edificacións catalogadas con nivel de protección integral ou estrutural.

B. RECOMENDACIÓNS

Muros e acabados exteriores

• Pedras

Recoméndase o uso da pedra da zona e as súas técnicas tradicionais de construción.

Non se lle debe aplicar proteccións químicas tipo vernices ou resinas que alteran a súa cromaticidade e textura, e que ademais poden acelerar moi rapidamente a súa degradación.

Debe de respectarse, nas áreas onde se atopa, o feito de acabar ou deixar á vista a pedra en partes da edificación, por exemplo a distinción da planta baixa das plantas nobres, a vivenda das cortes, etc.

Recoméndase manter a utilización de grandes lousas de xisto en paramentos verticais de medianería ou a súa utilización nas solainas e nas varandas dos corredores en ámbitos da montaña.

• Morteiros

Recoméndase o mantemento dos morteiros de acabado en todos os casos onde houberan existido, sempre de cal, polas razóns antes expostas.

En morteiros sobre fábricas, recoméndase morteiro de cal aérea ou hidráulica natural.

A entrega do revestimento contra o recercado dos ocos e os

esquinais debe realizarse a plomo e a nivel, cubrindo, e polo tanto non deixando vistas, as pedras chave.

• Rexuntados

Recoméndase executar os rexuntados con morteiro de cal ao que se engadirán pigmentos minerais, tentando igualar ao máximo posible a cor da pedra.

Deixaranse sempre refundidos, agás nos encintados decorativos do caso particular P01.

• Pinturas

Recoméndase a utilización de pinturas de cal para manter a capacidade de transpiración dos muros, que se perde co uso de pinturas plásticas. Como alternativa ás pinturas de cal, pódense utilizar pinturas de silicato, pois manteñen as características de permeabilidade á auga, luminosidade (polo poder de reflexión da súa estrutura microcristalina) e acabado mate das de cal, e posúen unha mellor ancoraxe ao soporte, estabilidade da cor e durabilidade. En calquera caso os acabados sempre serán mate.

Cando aparezan "finxidos de pedra", elementos que queiran imitar pedra tanto en fondos como en elementos compositivos, recoméndase, de non ser posible mantelos ou reproducilos,

utilizar unha paleta coas cores da pedra e seguir as instrucións de uso da carta da morfotipoloxía correspondente.

Cando nun traballo de rehabilitación ou mantemento se atoparan cores orixinais e auténticas, poderanse reproducir, xustificando a decisión, aínda que non se atopen na paleta correspondente.

- Cunchas de moluscos

Permítese a conservación dos paramentos recubertos con cunchas de moluscos.

Elementos compositivos ornamentados

Atópase bastante arquitectura tradicional ornamentada e cunha linguaxe característica na utilización das técnicas de imitación da pedra de cantería ou do ladrillo nos elementos compositivos das fachadas. Trátase de elementos compositivos ornamentados realizados a base de recibos de cal, cemento ou mixtos ou a base de prefabricados de escaiola, cal, cemento ou mixtos. Ditos prefabricados eran realizados por artesáns nos seus obradoiros ou a pé de obra. Apenas quedan artesáns que os executen hoxe en día.

A estes elementos compositivos non se lles debe aplicar proteccións químicas tipo vernices ou resinas que alteran a súa cromaticidade e textura, e que ademais poden acelerar moi rapidamente a súa degradación.

É de destacar tamén a técnica pictórica desenvolvida para a imitación do punteado da pedra, sendo a veces o único recurso compositivo.

Parece interesante destacar a importancia de sensibilizar á poboación e aos técnicos sobre o coidado e rehabilitación das edificacións ornamentadas con estas técnicas, polo que supón de enriquecemento dunha paisaxe cultural e o reflexo dunha técnica case desaparecida.

Ornamento industrial

Aparecendo na GAP Ribeiras Encaixadas do Miño e do Sil, considéranse edificacións de Ornamento Industrial aquelas con clara influencia da Arquitectura Industrial decimonónica e da "Arquitectura de ladrillo" peninsular (tradición hispana neomudéxar de finais do século XIX), con ladrillo á vista nos elementos estruturais e/ou decorativos e panos lisos combinados con sillar de pedra.

O ladrillo cor vermello óxido, as carpintarías de madeira en branco, as galerías e balaústres metálicos de ferro coado en negro e os panos de fondo pintados en ocre-amarelo, crean un patrón policromático que organiza a fachada en altura, en planta e en eixos lonxitudinais.

Son edificacións de planta rectangular, de dúas alturas e incluso tres, con cuberta de laxa, ordenadas en eixos compositivos lonxitudinais, con tendencia á centralidade, marcada por galerías

ou balcóns. Os muros están construídos con cachotería de xisto ou irregular de lousa vista, recuberta nalgúns casos con enfoscados de morteiros e pintada en tons ocre e amarelos. Os vans, recercados, alféizares, frisos, cornixas e esquinais defínense con mamposto de ladrillo macizo, alternando a súa disposición (fiada de soga, cabeza, sardinel, a corrente, triscada e punta de diamante) e os balcóns voados con pedra granítica na base, ata obter un ornamento volumétrico definido, de gran xogo plástico e lumínico. Os zócolos son de sillar regular de pedra granítica. Combinan o alféizar adintelado co arco escarzano, con clave destacada en volume, articulado por esquinillas e rombos. A ornamentación é arquitectónica, xeométrica e cromática, que articula a fachada ordenando os seus elementos.

Fachadas "azulexadas", con revestimentos cerámicos e vítreos

En determinadas áreas atópanse gran cantidade de edificacións rematadas con azulexos.

Son abundantes nas Rías Baixas e na Costa Sur-Baixo Miño, pero tamén están presentes ao longo de toda a franxa costeira. Non obstante, non se pode considerar como unha particularidade propia dalgunha GAP en concreto nin exclusivamente galega. Tampouco se pode reducir o uso deste material de acabado ao litoral.

Con todo, estas edificacións teñen unha forte pegada na paisaxe da súa contorna, que resulta ser determinante na imaxe identitaria. A selección das cores, dos motivos ou a orixinalidade da colocación son aspectos que atraen a vista e reforzan esa pegada.

Esta distinción, polo xeral, pódese marcar a época de construción da edificación ou a época de colocación da cerámica cando é posterior á da construción.

Por unha banda, distínguese a arquitectura tradicional azulexada, que sen dúbida mostra alto valor polo menos etnográfico cando non tamén arquitectónico, merecendo a consideración e o trato propio do patrimonio común.

Por outra banda está a arquitectura posterior aos anos 60 ata a actualidade, que mostra calidades de moi variable interese. Pola súa relevancia, considérase que esta arquitectura necesitaría dun estudo propio.

a) Azulexos nas edificacións tradicionais:

Os azulexos orixinais atopados en arquitecturas tradicionais utilízanse de distintas maneiras; algunhas con obxectivos construtivos, á par que mostra de poderío económico, e outras, simplemente como recurso ornamental.

No primeiro dos casos adoitan ocupar entrepanos ou fondos completos, limitándose ás veces a súa colocación ás plantas superiores. Atópanse en arquitectura de múltiples morfotipoloxías.

Soen ser cerámica vitrificada ou esmaltada, de formato rectangular ou cadrado, de cor branca ou pola contra de potentes cores, ambos xeralmente brillantes. Os mais estendidos son os azulexos lisos, pero tamén son frecuentes azulexos con motivos florais, vexetais ou xeométricos, influído pola época de construción da edificación. En determinados casos, pola semellanza de motivos e cores, pódese distinguir certa influencia portuguesa, principalmente ó longo da fronteira compartida. Tamén se atopan azulexos con relevo, de clara influencia ecléctica. Os mais tardíos poden presentar un efecto marmóreo.

O formato rectangular pode presentar bordes biselados, colócase en horizontal en disposición mesturada, regular ou asimétrica. O formato cadrado atópase colocado a xunta continua, mesturado ou diagonal. En ámbolos casos, pódense combinar cunha orladura do mesmo azulexo de outro cor, ou con unha orla máis decorativa. En moitos casos, a cor branca adoitase combinar cunha orladura de azulexos dunha cor intensa, formando así un potente contraste. Pódense atopar motivos xeométricos decorativos, realizados cos mesmos azulexos que os da orladura no centro de entrepanos.

A eliminación deste acabado modifica radicalmente a imaxe da edificación en si e da paisaxe que contribúe a conformar. Polo tanto, recoméndase o mantemento ou reposición dos azulexos respectando as cores e disposición dos orixinais. Procurarase a similitude cando o mercado xa non ofrezca os mesmos materiais. No caso do seu uso como recurso ornamental nalgún pano da fachada, o impacto da retirada non é tan dramático. Non obstante considérase que debe manterse o mesmo criterio para non ocasionar a perda da vontade compositiva orixinal.

b) Azulexos nas edificacións a partir dos anos 60 ata a actualidade:

Este material tamén foi unha opción moi concorrida nas edificacións dende os anos 60 ata a actualidade, especialmente en barrios mariñeiros, con resultados formais moi dispares.

Esta opción unía a alta capacidade de protección da envolvente contra humidades coas vantaxes dun mantemento que se esperaba fose case nulo. Con todo, o carácter decorativo non desaparece.

O material utilizado para levalo a cabo adáptase á oferta do mercado; azulexos cerámicos lisos ou con motivos, variando segundo as tempadas dos fabricantes, mosaicos decorativos de alta resistencia de tipo gresite, mosaico de vidro, gres porcelánico, etc. Existe un amplísimo abano que segue a expandirse grazas aos avances da tecnoloxía; sistemas industrializados cerámicos para fachadas, tecidos cerámicos, etc.

Son tantas as variantes en calidade e resultados formais que, sen un estudo específico, só caben indicacións xerais.

No caso de existir, os azulexos poderán conservarse, aínda que se recoñece a necesidade dun estudo específico que discrimine entre toda a variedade de mostras existentes.

No caso de substituílos por outros, deberanse seguir as pautas sobre cores e materiais segundo a morfotipoloxía á que pertence o edificio. Aplicarase o mesmo criterio no caso de retirar definitivamente o azulexo.

Materiais en edificacións etnográficas e na arquitectura industrial histórica

Determinados materiais teñen sido empregados en arquitecturas etnográficas, singulares e industriais, ás veces no seu xeito de uso común, e outras dándolle unha volta para adaptarse a novas necesidades. Estase a falar da madeira e do ladrillo.

No caso da madeira, sendo parte de cerramentos de canastos, galpóns, secadoiros de madeira, ou naves de carpintería de ribeira. Nas edificacións de pequena escala píntase para a súa protección; en edificacións de maior tamaño déixase ao natural, chegando aos nosos días nos tons grises propios dos naturais procesos de mineralización, ao non existir mantemento ou reposición con pezas novas. A súa posición é vertical, a máis beneficiosa para escorrentar a auga da fachada ao tempo que se permite a ventilación do interior deixando ocos entre as táboas.

O ladrillo ten servido ao mesmo uso que o mencionado no parágrafo anterior para a madeira, e tamén se ten utilizado para a realización de elementos singulares na arquitectura industrial e fornos, quedando visto. Trátase polo común de ladrillo macizo nos casos de máis antigüidade, e refractario en casos de chemineas e fornos, pero tamén existen casos en que por economía e dispoñibilidade de material, se executan paramentos con ladrillo sinxelo. As fábricas dependen do uso; no caso de chemineas obedecen a sistemas construtivos moi específicos e no caso de paramentos para ventilación de galpóns, segundo a dimensión a cubrir. Os debuxos que se executan para practicar os ocos denotan a destreza dos albaneis.

Carpintarías

Propónse a utilización da madeira como material para as carpintarías.

Recoméndase o mantemento da posición delas nos muros, co fin de non alterar a imaxe das arquitecturas. No caso de que a posición orixinal da carpintería sexa enrasada coa cara exterior do muro, recoméndase, como solución para garantir o illamento térmico e acústico, a colocación dunha segunda carpintería ao interior.

Os acabados das carpintarías faranse con pinturas ao aceite preferentemente, ou á auga, cun acabado mate ou satinado.

Nos casos de carpintarías con despezos singulares, recoméndase a súa conservación ou a reprodución nas novas carpintarías.

Recoméndase, ao reproducir carpintarías e de non ser posible facelo tal cal eran, non caer no erro de reproducir elementos cunha intención meramente "decorativa" e sen función na nova carpintería, como por exemplo con pezas situadas na cámara dun dobre vidro.

Cubertas

Recoméndase o uso do material de cubrición utilizado tradicionalmente na zona, que pode ser:

- A tella cerámica.
- A lousa de xisto.
- O conxunto de tella e lousa, en cubertas mixtas.
- En zonas máis restrinxidas, o colmo e as veces a lousa de granito.

No caso do uso das lousas de xisto ou de granito, recoméndase o uso de material de canteiras da contorna.

Recoméndase manter as proporcións e posta en obra tradicional da zona, así como reproducir as disposicións mixtas cando existan. Coidarase especialmente este aspecto nos núcleos onde prevalece a visión dende arriba, na montaña por exemplo. Cando se utilice a lousa, recoméndase que se respecten as formas e dimensións das lousas tradicionais, e cando isto non resulte posible, ao menos a lousa será cortada a man.

Recoméndanse medidas para incentivar a produción de colmo, para facilitar o mantemento ou rehabilitación das edificacións cubertas con este material.

Manteranse as cubertas planas, de zinc, de cobre e cerámicas, nas edificacións nas que se atopen.

Canles e baixantes

Recoméndase en primeiro lugar utilizar zinc, en segundo lugar cobre e en terceiro lugar aluminio lacado nas cores da cerrallaría, exceptuando a cor branca, sempre con sección semicircular a canle e sección circular a baixante.

Edificación dende 1960 ata a actualidade

Muros e acabados exteriores

Utilizarase calquera material con tal de que a súa cor resultante, tanto se é a natural como a adquirida, se atope na carta proposta, sempre cun acabado mate.

Carpintarías

Utilizarase calquera material con tal de que a súa cor resultante, tanto se é a natural como a adquirida, se atope na carta proposta, sempre con acabado mate ou satinado.

Recoméndase, no caso de utilizar calquera outro material ou técnica, a axeitada xustificación da integración e harmonización na paisaxe.

Cerrallaría

Deberanse seguir as pautas descritas nas cartas da morfotipoloxía correspondente e as súas instrucións de uso.

Cubertas

Recoméndase o uso de:

- Tella cerámica ou lousa, segundo a zona.
- Cubertas vexetais.

Edificación illada en solo rústico

Nos fondos, elementos compositivos, carpintarías e cerrallarías utilizarase:

- Calquera material cun acabado, tanto se é natural como adquirido, dunha das cores das cartas propostas, que non sexa cun acabado brillante.
- Madeira.
- Muros vexetais.

En cubertas utilizarase:

- Calquera material cun acabado, tanto se é natural como adquirido, dunha das cores das cartas propostas, que non sexa cun acabado brillante.
- Materiais tradicionais, tella e/ou lousa segundo o xeito de uso tradicional na zona.
- Zinc ou cobre.
- Cubertas vexetais.

Polígono industrial

Nos fondos, elementos compositivos, carpintarías, cerrallarías e cubertas, utilizarase:

- Calquera material cun acabado, tanto se é natural como adquirido, dunha das cores das cartas propostas, que non sexa cun acabado brillante.
- Madeira.
- Cubertas e muros vexetais.

As cores propostas para fondos, elementos compositivos e cerrallarías son para todas as fachadas dos edificios, restrinxindo a utilización das cores corporativas só aos rótulos. Por esa razón defínese a continuación o tratamento que debería de ter a publicidade, a sinalización e os rótulos no polígono industrial, sempre co obxectivo de mellora da imaxe do propio polígono ademais da paisaxe da contorna.

Publicidade: Recoméndase restrinxir os elementos publicitarios aos mínimos ou eliminalos, dentro do polígono, para mellorar a súa imaxe.

Sinalización: Debe existir, dentro do polígono, unha sinalización mínima que garanta a localización das empresas e as actividades que alberga. Deberá ser planificada e deseñada de forma conxunta, definindo as localizacións e os modelos dos sinais, por medio do instrumento adecuado.

Rótulos: Nas edificacións do polígono é recomendable permitir soamente a colocación de rótulos de identificación da empresa ou a actividade e regular a súa localización, deseño e tamaño, de forma que resulte coherente coas propias edificacións, por medio do instrumento adecuado. Débese minimizar a iluminación dos rótulos.

Arquitectura contemporánea

Este estudo non procura limitar a creatividade dos proxectistas. Para tal obxectivo, déixase aberto a todo autor de obra nova ou de rehabilitación optar por outras solucións, outros materiais, diferentes cores que as paletas recomendadas ou adoptar outros xeitos de aplicalas que os expostos nas instrucións de uso, sexan as cores propias ou as recomendadas.

Por iso teñen cabida todas as propostas arquitectónicas na consideración de fitos, sen limitación por uso de cor ou de materiais.

En calquera caso, na memoria dos proxectos debe quedar xustificada tanto a consideración de fito como a elección dos materiais e as cores para o acabado das edificacións.

4.2.2. PLANS DE COR ESPECÍFICOS

Modernismos, eclecticismos, Art Déco, etc.

No caso dos modernismos, os eclecticismos, Art Déco e demais estilos caracterizados polo ornamento e unha determinada utilización da cor, recóllese unha solución que ten o obxectivo de solucionar subsidiariamente un problema.

Cando se trata de edificacións singulares, catalogadas con nivel de protección integral ou estrutural, e/ou que son obras de arquitectos recoñecidos, faría falta un estudo específico, sobre todo en lugares onde se atopan mostras numerosas ou características, que xeran unha identidade específica nun núcleo, barrio ou rúa.

No caso de non haber un plan de cor específico, recoméndase en edificacións singulares, de autor recoñecido e/ou catalogadas con nivel de protección integral ou estrutural, un estudo individualizado da intervención cromática.

Arquitectura indiana e influencias

Galicia conta cunha historia de emigración que se manifestou e se mantén visible nas construcións edificadas ou subvencionadas por esa poboación emigrante: escolas, hospitais, casas sociais,

sedes de sindicatos, casas de concellos, bibliotecas populares, etc. Ademais das vivendas particulares, mostras nalgúns casos da vontade de ostentación, dos gustos e do poderío económico, chegando ás veces a altos niveis de exuberancia e "pretensións pacegas". Se ben non é un feito exclusivamente galego, non deixa de ser unha das nosas marcas identitarias.

Non se pode afirmar que existe un estilo propiamente "indiano" nin toda a arquitectura producida polos "indianos" mostra signos distintivos. Con todo, como indica Antonio Garrido Moreno: "Son estas construcións as que imprimen unha forte pegada na conciencia popular que acuña o termo de arquitectura colonial ou de indianos, como un feito arquitectónico diferenciado e recoñecible no territorio galego." (Garrido Moreno, 2000).

Acabou sendo un termo vinculado a conceptos identificables de poderío, exuberancia, orixinalidade, exotismo, fusión amalgamada de estilos, que se atopan plenamente integrados nas nosas referencias culturais e artísticas.

Algunhas destas edificacións constitúen fitos na paisaxe ou están catalogadas, sexan de autor ou non. Nestes casos considérase que existen estudos de cores propios, personalizados.

Non toda a arquitectura xerada polos indianos mostra esa visibilidade. En calquera caso, as demais, que son numerosas, deberían recibir unha especial atención ou estudo de cor propio.

Asóciase tamén a este termo o uso de determinados recursos arquitectónicos que sería preciso salientar adecuadamente: cubertas planas, cornixas e parapetos, balcóns, galerías, soportal debaixo das galerías; bufardas, torres e torreóns rematadas con terrazas ou cúpulas e observatorios; sotabancos, acroterios e peinetas con relevos ou inscricións; elementos decorativos, labra, relevos e molduras aplicadas aos panos cegos de fachadas; variedade de recercos, gardapós, soleiras e peitorís moldurados ou decorados, etc. É dicir, o uso desinhibido de ornamentos en xeral.

Tamén se asocia co uso de determinados acabados e cores: edificacións sempre revocadas e con cores de influencia colonial; cores rechamantes que contrastan coas carpintarías. A cerrallaría cobra especial protagonismo tanto en forxa como en fundición, polo que tamén deberá coidarse o seu tratamento.

Recoméndase, ademais, preservar as características anteditas.

Arquitectura racionalista e influencias

O traballo de campo sacou a relucir unha arquitectura pouco valorada que se atopa en todo o territorio, sen limitarse a ámbitos ou áreas; trátase da arquitectura racionalista que se recolle na morfotipoloxía R05/U05_Racionalidade.

Mais alá da arquitectura de autor, coñecida ou catalogada, consideráronse como edificios de marcada influencia racionalista os construídos entre a década dos vinte ata ao redor dos anos cincuenta. É unha tipoloxía recoñecible pola sobriedade das súas liñas, a nenez ornamental, a marcada composición horizontal, o uso de novas técnicas e novos materiais, como o formigón armado ou o aceiro soldado, as carpintarías metálicas, ou as superficies de vidro de gran tamaño.

Esta arquitectura nace coincidindo con cambios que se producen no desenvolvemento social, o aumento de poboación urbana, o xurdimento de novas técnicas e novos materiais e moitos outros aspectos que reflicten a historia local, nacional e mundial.

Considérase a necesidade de “visibilizala”, mais alá do proposto nesta Guía, cun estudo complementario e específico, sobre todo en lugares onde se atopan mostras numerosas ou características dela, que xeran unha identidade específica nun núcleo, barrio ou rúa. A valorización pública pode incidir na súa revalorización e rehabilitación.

Almacéns, edificacións e instalacións portuarias en xeral, xunto con instalacións feirais

Pola localización deste tipo de edificacións ou conxunto de edificacións dentro dos núcleos urbanos ou rurais ou en

localizacións ao borde do mar, considérase que non se lles deben de aplicar as cartas de cores e instrucións de uso propostas para as edificacións illadas en solo rústico ou polígonos industriais.

Recoméndase a elaboración de plans de cor específicos.

Barrios de vivendas sociais edificados ata a década dos 70 do século XX

Por ser barrios deseñados no seu conxunto e cunha unidade formal na súa arquitectura, enténdese que deberían de ter plans de cores específicos que recollan a súa unidade e singularidade.

Idiosincrasia e identidade local

Preténdese que esta Guía sexa un primeiro paso, dende o punto de vista da intervención cromática, de cara a poñer as bases para que a paisaxe construída responda a un modelo ordenado e querido, recomendándose a execución de plans de cor específicos que recollan as identidades locais dos distintos núcleos e barrios, preservando deste xeito elementos de diferenciación entre eles.

É necesario salientar que unha guía que atende a tan amplo territorio, non acada entrar no detalle de tal xeito que poida ofrecer respostas a todas as situacións da paisaxe edificada, existentes e futuras.

Por iso recoméndase a elaboración de plans de cor que atendan e dean resposta á identidade específica e ás estratexias de diferenciación dos distintos núcleos urbanos e rurais e incluso a parte deles, como poden ser barrios ou frontes marítimos, aportando aínda máis á mellora e diferenciación da escena urbana.

Como xa se expón anteriormente, esta Guía servirá de axuda aos técnicos redactores de proxectos, será un instrumento de traballo para aos técnicos das administracións, e á súa vez fundamento para que os plans urbanísticos, os instrumentos de ordenación do territorio e os plans de cor específicos, a concreten para ámbitos territoriais menores.

Sirvan de exemplo núcleos nos que se apreciou, ao realizar este traballo, unha intención de procura da propia identidade cromática, como poden ser: A Guarda, As Pontes, Cabo de Cruz (Boiro), Cariño, Celanova, Fontán (Sada), Muxia, Monforte de Lemos, etc. E núcleos onde se atopan aínda bastantes acabados orixinais con posibilidades de proceder ao seu estudo e recuperación, como é o exemplo de Mondoñedo, onde a antiga aplicación das artes do cal e do baleirado deu lugar a ornamentos e finxidos de pedra dos que aínda bastantes se conservan.

4.2.3. MEDIDAS DE CONSERVACIÓN DO COÑECEMENTO DAS TÉCNICAS E ARTES DA CONSTRUCCIÓN

Detectouse ao realizar este traballo unha riqueza en acabados e técnicas tradicionais que, aínda que a súa presenza é cada vez máis escasa, pódese atopar sobre todo nos ámbitos menos desenvolvidos economicamente e máis afastados das contornas urbanas, pero que están desaparecendo a gran velocidade.

Algúns son mostras de auténtico arte popular, habilidade e creatividade dos artesáns e oficios. Trátase de encintados decorativos con motivos vexetais ou animais, esgrafiados, finxidos de pedra con morteiros de cal ou bastardos, finxido de cantería con rexuntado que non segue o aparello do muro, finxidos de pedra con técnicas de pinturas, ornamentos realizados pola técnica do baleirado, etc. Tamén deben mencionarse as técnicas máis sinxelas e comúns que non amosan menos xogos e variantes; zarpeados, enfuscados, variedade de revocos segundo o tamaño das pedras da cachotería, rexuntados, encalados simples, decorativos ou ornamentais, xabelgas, etc.

Proponse como primeira medida a **visibilización** destes acabados, acompañada do seu **registro, catalogación e investigación**.

Detectouse tamén a extensión, a velocidade exponencial, de dúas prácticas que desvirtúan a arquitectura tradicional, ademais de prexudicar o sistema construtivo da propia edificación na que se realiza e á paisaxe cultural en xeral:

1. O picado dos revestimentos feitos de morteiro de cal e/ou

bastardos dos muros de cachotería de pedra, deixando á vista pedra que non foi traballada para elo.

2. A realización da entrega dos revestimentos das fachadas cos recercados dos ocos e os esquinais sen ser a plomo e a nivel, deixando á vista e contorneando pedras que non estaban para ser vistas e facendo un "ruído visual" que lle confire un aspecto cando menos estraño as arquitecturas.

O xeito de acabar con estas prácticas, segunda medida, debería ser unha campaña de **información e divulgación** polos mecanismos considerados máis axeitados.

Na actualidade é difícil atopar profesionais con oficio para executar as técnicas de acabados e ornamentos tradicionais, sobre todo os relacionados coas artes do cal e os baleirados ornamentais que contribúen de maneira determinante na percepción da paisaxe, sendo éste o principal motivo da preocupante perda destes elementos como foi constatado co desenvolvemento deste traballo.

Eses profesionais teñen un amplo campo de traballo na restauración e rehabilitación da arquitectura tradicional e de transición á contemporánea. Por iso considérase importante a **formación especializada** como terceira medida de recuperación, protección, fomento e investigación de técnicas que forman parte do noso patrimonio herdado.



INSTITUTO
DE ESTUDOS DO
TERRITORIO



Colexio Oficial de
Arquitectos de Galicia



XUNTA
DE GALICIA